

**RESOLUCIÓN do Tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, da Axencia Turismo de Galicia, por concurso-oposición, pola que se aproba e se fai pública a baremación definitiva de méritos da fase de concurso.**

En sesión que tivo lugar o 4 de abril de 2024, o Tribunal, nomeado pola Resolución do 5 de maio de 2023 (DOG núm. 92, do 15 de maio) para cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para o ingreso nas categorías de profesor/a de hixiene, dietética e nutrición (grupo I) e profesor/a do departamento de servizos (grupo II), de conformidade co disposto nas bases da convocatoria

ACORDOU:

**Aprobar a baremación definitiva de méritos da fase de concurso da persoa aspirante que superou a fase de oposición, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, ao proceso selectivo extraordinario para o ingreso no grupo e categoría seguinte:**

**- Profesor/a do Departamento de servizos (grupo II).**

A baremación definitiva de méritos, completa e parcial de acordo ao establecido no apartado III.1.1 das bases da convocatoria (experiencia profesional, formación e lingua galega), recollida no Anexo I, poderase consultar no taboleiro de anuncios do portal web corporativo <https://www.turismo.gal/espazo-institucional>.

De conformidade co disposto na base IV.13 da convocatoria, contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección da Axencia Turismo de Galicia, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





## ANEXO I

A baremación definitiva de méritos da fase de concurso das persoas aspirantes que superaron a fase de oposición, é a seguinte:

N.º	NIF	APELIDO1	APELIDO2	NOME	Experiencia profesional (30 puntos)	Cursos de formación (7,5 p.)	Galego (2,5 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL (40 puntos)
1	***6596**	LIS	PRIETO	ROCÍO	18	1,75	0	19,75

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario

José Carlos Fernández-Barja Martínez

Vº e Prace

O presidente

Antonio Casas Calviño

